



## **CIRCULAR 16-2019.**

### **IV CAMPIONATO DE GALICIA DE PÉNTATLON DE LANZAMENTOS MÁSTER.**

- *A todas as Delegacións da F.G.A.*
- *A todos/as os/as asembleístas*
- *A todos os clubs galegos con licenza vixente*
- *A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente*
- *A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente*

Art.1) A Federación Galega de Atletismo organiza o IV Campionato de Galicia de Péntatlon de Lanzamentos Máster, que terá lugar en Pontevedra o día 10 de febreiro do 2019.

Art.2) Poderán participar todos/as aqueles/as atletas Máster que o desexen e se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que ficharan ao longo da tempada actual (2018/19) por algún club pertencente á Comunidade Galega.
2. Atletas con ficha pola FGA, aínda que pertenczan a clubs doutras CCAA.
3. Atletas nacionais convidados/as expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das anteriores condicións.

Art. 3) O péntatlon de lanzamentos consta das seguintes probas e orde: Martelo, Peso, Disco, Xavelina, e Martelo Pesado. Será obrigatorio ter unha marca acreditada nun mínimo de tres das cinco probas.

Art.4) As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata as 20:00 horas do martes 5 de febreiro do 2019. Lémbrese a obrigatorio de especificar a data e lugar da marca nas inscricións.

Art.5) Os/as atletas deberán retirar o dorsal ata 45 minutos antes do inicio da proba. A entrada á pista farase por cámara de chamadas, non permitíndose o acceso á mesma dende outro punto distinto a esta. O acceso á pista efectuarase 30 minutos antes do inicio da proba. Poderá permitirse a entrada á pista de atletas posteriormente sempre e cando non se iniciase a proba, sen que en ningún caso, supoña retraso do inicio da mesma.

Art.6). Entregaranse medallas ós/as tres primeiros/as atletas de cada categoría, tanto en homes como en mulleres. É obrigatorio acudir ao protocolo de premios ao podio. No caso contrario, non se fará a entrega da medalla.

Art.7) Os/as atletas deberán utilizar o dorsal de forma totalmente visible, en toda a súa superficie, colocado na parte de diante. O incumprimento desta norma poderá ser motivo da descualificación. Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

Art.8) Os artefactos persoais deberán presentarse á homologación ata 40 minutos antes da competición. A organización agradece a presentación de artefactos para a súa homologación o día anterior á competición.



## **CIRCULAR**

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13  
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal  
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

Art.9) O horario definitivo publicárase o mércores antes do Campionato en función dos atletas inscritos.

<b>HORA</b>	<b>PROBA</b>
<b>09:45h</b>	Martelo
<b>10:30h</b>	Peso
<b>11:20h</b>	Disco
<b>12:10h</b>	Xavelina
<b>12:50h</b>	Martelo Pesado

Art.10) A responsabilidade das inscricións dos/as atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Se o/a atleta, previamente inscrito/a non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito/a (direcciontecnica@atletismo.gal), salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros.

Art.11) Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo, por esta orde, ás normas da FGA (ver normas técnicas 2018/2019), R.F.E.A. e I.A.A.F.

A Coruña, 20 de xaneiro de 2019



Carlos Castro Vicente  
**Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo**